



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

BOLETÍN Nº 158
Xaneiro 2025

MAGOSTO SOCIAL

17 novembro



Comezamos cunha das celebracións clásicas de cada ano e tamén unha das máis esperadas: **O Magosto** no noso querido refuxio do Monte Aloia. Coa cheminea ben prendida pronto o cheiro das castañas asadas encheu o lar. Socios de todas as idades e seccións compartiron espazo, tempo e mesa.

FESTA de NADAL

20
decembro



Houbo brindis, polo pasado e polo futuro
acompañado de petiscos e lambonadas.

Seguimos de celebracións co último evento social do ano: a **Festa de Nadal** que como é tradición tivo lugar no local social. Numerosos socios participaron desta xuntanza na que se compartiron recordos de viaxes, rutas e aventuras. O club encargouse das bebidas e o picoteo e como sempre os socios achegaron as lambetadas e os doces.



BICI DE MONTAÑA PONTE DA LIMA

O trazado da ruta descorre paralela ao río Lima. Comenzamos subindo por un trazado fácil e cómodo. O terreo estaba seco polo que non atopamos ningún obstáculo e foi un gran pracer pedalear deseguido e gozar da paisaxe entre árbores frondosas. Subimos ata chegar a Arcos de Valdevez onde buscamos un lugar para comer que resultou ser do máis acolledor. Logo reanudamos a marcha e baixamos pola outra banda do río, desta vez o terreo volveuse un pouco menos cómodo pero, aínda así nada esixente.



AS PORTAS DO GERÊS ETAPA 12



Un pracer volver ao Gerês da man da nosa compañeira Rosa e camiñar por estas terras milenarias que non so nos ofrecen camiños e montañas senón tamén castelos como os de Lindoso.


Pronto entramos en calor, percorremos a Serra Amarela a media altura para descender cara os ríos Carcerelha e froufe ata chegar a Entre Ambos oa Ríos, onde rematamos esta fermosa etapa.

ANCARES

ACTIVIDADE DE MONTAÑA

12-13 outubro

Porto Ancares-Cuíña Mustallar-Pico Lagos-Burbia



Dende o primeiro momento formáronse dous grupos, o primeiro realizou a ruta prevista mentres que o segundo grupo realizou a cresta que comeza no porto e continuou cresteando ata chegar ao Cuiña. Unha vez na base do Mustallar tomou o antigo Camiño dos Galegos que comunicaba Piornedo con Burbia. Hai que puntualizar que este camiño está completamente perdido e que a baixada é dificultosa aínda que non imposible. Finalmente todos nos reunimos en Burbia, onde puidemos repoñer forzas.



Porto Ancares- Miravalles-Tejedo de Ancares



O domingo non pintaba mellor e durante a primeira metade do día un forte vento, unha densa néboa e un frío intenso foron constantes e dificultaron o seguimento da ruta de xeito que houbo que rectificar máis dunha vez. O terreo estaba perigoso polo que a marcha volveuse lenta e cautelosa. Non sen traballo conseguimos chegar á base do Miravalles. Os socios que así o quixeron fixeron cumio e volveron baixar polo mesmo sitio onde nos reunimos todos para continuar a marcha. Quedábanos aínda unha longa pateada e iamos moi xustos de tempo polo que houbo que apurar o paso. Cando chegamos ao autobús non puidemos máis que subir e arrancar pois os tacógrafos mandan.

Volvemos aos Ancares. Aloxámonos en Vega de Espinareda nun hotel que ofrece habitacións con liteiras e baño. Tamén cea e almorzo.

O tempo non nos acompañou nin o primeiro día, nin parte do día seguinte o que dificultou bastante a realización das actividades que estaban previstas. Aínda así o calendario cumpriuse.

Saímos do Porto de Ancares xa con néboa e chuvia e así seguimos durante todo o percorrido. A climatoloxía dificultou moito o progreso e a orientación así como o control do grupo para que ninguén quedase descolgado.

AS COVAS DO FOLÓN

19 outubro



CORUXO SUBTERRÁNEO

Non sempre hai que ir moi lonxe para poder gozar dunha tarde de espéleo. Na mesma parroquia de Coruxo, Vigo, contamos coas Covas do Folón. Trátase dun sistema cárstico polo que discorre un regato. Aínda que a maior parte do percorrido é de progresión horizontal, colocáronse algunhas cordas para que os participantes que así o desexasen puideran practicar as técnicas de TPV.

A actividade durou algo máis de dúas horas. Resultou ser unha actividade divertida con moitos obstáculos que sortear onde houbo que practicar a técnica do contorsionismo.



SIMA DE ARADELAS



Daniel ballesteros presentou no local social os últimos descubrimentos que tiveron lugar na sima Aradelas, explorada por primeira vez por espeleólogos dos clubs Montañeiros Celtas e Santa Clara no ano 1972. Esta cova está situada ao Norte do Xeparque Mundial da Unesco Montañas do Caurel e está considerada a cova máis profunda de Galicia. Contounos Daniel que foron explorados dous kilómetros de galerías e pozos vírxenes así como o inédito lago subterráneo de augas turquesas bautizado como lago Hydra e gran cantidade de espeleotemas.

Foi descuberta tamén unha nova entrada a esta cova que foi denominada como Cova Emilio en honor ao noso querido socio Emilio Ballesteros, falecido recentemente.

Daniel e Elvira explicaron que o seu traballo como espeleólogos non se limita a explorar as covas e simas, senón que se dividen en equipos para facer medicións e topografiar o terreo para posteriormente levantar mapas.

PICOS DE EUROPA

1-3 NOVIEMBRE

TRAVESÍA ANILLO VINDIO
MONTAÑA

3 de novembro: Travesía de Montaña no Macizo Central - Picos de Europa

O que mais se pode destacar desta travesía e que tivemos un tempo increíble para as datas nas que nos encontrabamos o cal nos permitiu desfrutar dunhas vistas increíbles e dunhas postas de sol e amencerres que sen dúbida non esqueceremos.

Tamén que deu gusto gozar da compañía de todos os que fixemos a travesía, boas vibras sen dúbida. Tamén, de xente moi profesional, altruísta e con moita paciencia que permitiron facer a travesía con moita seguridade a todo o grupo, preocupándose polos eslavóns máis débiles, demostrando a madeira montañeira.

Primeira xornada: 1 de novembro (Cordiñanes (875 m)-Collado Jermoso (2059 m))

Dende Cordiñanes empezamos a subir baixo a Pena do Porracho ata enganchar a Rienda de Asotín (chamada así polas cadeas que axudan a subila). Unha vez superada, encontrámonos co Hayedo de La Sotín (patrimonio da humanidade dende 2017). Saíndo do hayedo, xa poidemos disfrutar das vistas, a nosa dereita, da torre Cantodota, atravesamos un terreo totalmente glaciar (torrenteira que baixa de Torre Friero), para chegar á Vega de Asotín 1430 m.a.

Seguimos a nosa subida por Argayo Berón (Pedreira da canal de honda), Traviesas de Congosto e canal Argayo Congosto 1682 m.a. onde como rebecos fumos trepando, ata culminar a nosa primeira xornada chegando o Refuxio Diego Mella en Collado Jermoso 2064 m.a, xusto a tempo para deixar as mochilas e subir a ver a posta de sol cun mar de nubes ao fondo.

No refuxio, con debe ser, desfrutamos da nosa cervexa, ducha (si, somos débiles, algúns sucumbimos as comodidades) e cena (a repetir si querías) para despois descansar para o día seguinte madrugar de novo.



Segunda xornada: 2 de novembro (Collado Jermoso (2059 m)- Vega de Urriellu (1960 m))

Saimos do refuxio moi cedo, coa intención de, como primeira etapa do día, subir a montaña mais alta de picos, Torre de Llambrión (2647 m). Collemos dirección ás Colladinas, desviándonos un pouco. Seguindo as marcas e fitos, empezamos a escalar de novo, varias trepadas e zonas expostas, ata realizar o último tramo cresteando ata chegar ao cumio, onde puidemos repoñer forzas e sacar fotos do mais pintorescas. Retomando o noso percorrido, a 15 metros do cúmio, baixamos pola chamada cheminea do Llambrión, sendo un destrepe moi delicado, puidémolo facer con moita seguridade grazas a que David e Pedro montaron un descolgue polo cal fumos rapelando. Tras cruzar o Hoyo de Tras Llambrión, continuamos por Collada Blanca hasta chegar a Cabaña Verónica (refuxio singular, feito dunha batería antiaérea de un portavións estadounidense).



De Cabaña Verónica seguimos o carreiro que vai ao Collado de Horcados Rojos (2502 m), que deixamos un pouco á esquerda para subir á Torre de Horcados Rojos. Baixando por aquí hasta Jou de los Boches, baixada complicada pois quitaron un cable que facilitaba a mesma, gracias a que David montou unhas cordas de seguridade y o apoio das persoas mais habilidosas pudémolo superar todos sin moita dificultade. Seguimos por Jou de los Boches e Jou sen Tierra, todo por senda ben marcada, con algunhas trepadas fáciles, para chegar o Refuxio de la Vega de Urriellu xa cos frontais encendidos.

Poidemos repoñer forzas no Refuxio Urriellu, esta vez sen duchas, pero con comida rica e abundante, para despois gozar do merecido descanso.

Ultima xornada: 3 de novembro (Vega de Urriellu (1960 m)-Caín (454 m))

Levantámonos ás 5 da mañán e saímos de noite cos frontais, Empezamos dirección Hou sin Tierra, atravesando terreos pedregosos con algo de dificultade, tomando despois dirección a Horcada de Caín desde donde poidemos disfrutar da silueta do Urriello o amanecer, algo que sin duda non olvidaremos Deixando á dereita Torrecedredo, e por si as rodillas inda non levarna tralla suficiente inda tivemos que descender pola Canal de Dobresengos, dende a cal chegamos a Caín, xusto con tempo de tomar una cervexa (e un pote, quen foi listo) antes de pillar o taxi de volta a Posada. Sandra Cotón



SENDEIRO PONTEDEVA

24 NOVEMBRO


Ruta circular de 19,5 km que aproveita parte do PRG 175 e 176 ao que lle engadimos a subida do río Crespos.

Sáimos do pobo de Requeixo e ascendimos ata o monte San Xusto onde atopamos unha capela. Descendemos ata un mirador con vistas ao río Miño. Baixamos polo pobo de Trado e por varias corredeiras chegamos ao río Deva.

Reanudamos a marcha e Mantémonos pola marxe chegamos ao pobo de Esquerda pasando pola área Entrerríos lugar onde se recreativa chamada A Ponte unen os dous ríos, o onde aproveitamos para comer. Entrerríos e o río Deva.

Camiñamos por estreitos sendeiros bordeando o río e cruzando o mesmo varias veces. Máis adiante topamos cunha levada de dous quilómetros ata chegar a aldea de Deva e por último ao punto de saída.

José Bautista



BICI DE MONTAÑA MOAÑA

21 DE DECEMBRO

Para pechar o ano 2024 realizouse unha ruta de bici polos montes de Moaña.

O terreo abrupto e a dificultade dun chan erosionado con moita pedra solta puxeron a proba a pericia dos aventureiros ciclistas, por outro lado moi afeitos xa a estas visicitudes.



A ruta comezou na Talagreira do Beque, subiu ata os miradores do Faro de Domaio, Monte Xaxán e miradores dos Candóns. A idea era poder gozar das impresionantes vistas sobre as rías de Vigo e Pontevedra, cousa que fnalmente non permitiron as nubes.

A actividade rematou no mesmo punto no que comezou cunha fantástica comida á cal seguiu un bingo musical que se prolongou por varias horas, vamos ata que nos botaron, jeje...



MONTAÑAS DE VILLABLINO 6-8 DECEMBRO

Rabal de Abajo-Cueto Nidio-Castro La Muela-Villablino



Ruta do Venres 6

Sáimos de Rabanal de Abajo para realizar unha ruta lineal. Deixando atrás Rabanal de Arriba seguimos por unha pista cómoda que nos ofrece espectaculares vistas sobre o regato de Brañuelos. Este sendeiro lévanos ata as Brañas de Cobacho. Dende aquí seguimos ascendendo ata o pico Cueto Nidio co 1773 m. Facemos un descenso ata Castro da Moa e dende aquí en forte descenso ata o albergue.

Ruta do Sábado 7

Esta ruta comezou con dous grupos ben diferenciados xa que aínda que a primeira parte do percorrido era coincidente un dos grupos tiña a intención de continuar ata Os Bayos unha vez subido o Nevadín. O mal tempo torceu estes plans e véronse obrigados a renunciárlas súas pretensións. O segundo grupo realizou unha ruta circular saíndo e chegando a Rabanal de Abaixo. Iniciamos a ruta seguindo o regato de Brañuelos pola marxe dereita. Pasamos pola ferverza de Pimpanón ata chegar aun muíño. Dese punto parte un sendeiro en forte pendente ascendente ata chegar á Brañiña para ascender a o Miro do Rabón 1983 m de altitude. seguimos subindo ata chegar ao Pico Nevadín. Descendemos ata as brañas de Cobacho, xiramos e volvemos ao rego de Brañuelas por un encantador e estreito sendeiro un tanto aéreo e finalizamos en Rabanal de Abaixo.



Ruta domingo 8

Para pechar este magnífico fin de semana, o domingo fixemos **La Zamora**, un roteiro circular que nos levou ata o pobo de Sosas, onde visitamos unha antiga fábrica de José Bautista

Edita: Club Montañeiros Celtas. Edición: Amelia Lago Andión
 Colaboran neste número: José Bautista, Sandra Cotón e José Luis Vázquez
 Imprime: Copypucho
 DP: vg-40-1998

X A N E I R O	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	1	ANO MONTAÑEIRO GALIÑEIRO	SENDEIRO-MONTAÑA
	17	A SIMA ARADELAS. 2KM DE DESCUBERTA	ESPELEO
	11 a 18	SEMANA BRANCA INTERCLUBS ANDORRA	ESQUÍ
	18-19	ESPELEOLOXÍA NO KARST DO COUREL	ESPELEO
	19	SENDEIRO FRANCELOS-MAN DA MOURA	SENDEIRO
	25-26	CURSO DE ORIENTACIÓN	MONTAÑA
25	BICI DE MONTAÑA EN ARNOIA	BICI DE MONTAÑA	

E B R E I R O	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	8	CEA ANUAL	SOCIAL
	8	ADESTRAMENTO TPV PICO SACRO	ESPELEO
	11, 12 E 13	MENDI TOUR VIGO	CULTURA
	15	BICI DE MONTAÑA	BICI DE MONTAÑA
23	SENDEIRO ZOBRA. SERRA DO CADÁN	SENDEIRO	

M A R Z O	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	15	BICI DE MONTAÑA	BICI DE MONTAÑA
	15-16	SAÍDA INTERCLUBS COUREL	ESPELEO
	16	SENDEIRO	SENDEIRO
21	PRESENTACIÓN LIBRO "CIUDAD DE LA SELVA"	CULTURA	



**Publicorreo
Óptimo**

CLUB MONTAÑEIRO CELTAS
 Avda Camelias, 78. Oficina K - 36211 Vigo
 Teléfono: 986 438 505
www.celtas.gal / info@celtas.gal